

Expediente núm.: 07/2026

Procedemento: Concurso de Carrozas e Concurso de Disfraces. Entrudio 2026.

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTRUDIO 2026 DE VIANA DO BOLO

Con motivo da celebración do Entrudio 2026, o Concello de Viana do Bolo convoca un **CONCURSO DE DISFRACES** conforme as seguintes

BASES

- 1.- Poderán participar todas as persoas que así o desexen maiores de 15 anos.
- 2.- O tema dos disfraces será libre.
- 3.- O xurado valorará a orixinalidade, o bo gusto, traballo e coreografía que aporten os/as concursantes na súa presentación.
- 4.- As modalidades serán por individual/parella ou en grupo (con máis de tres participantes).
- 5.- Establécense as seguintes modalidades de premios:

A) Individual ou parella

- 1º premio: 200 €
- 2º premio: 150 €
- 3º premio: 100 €

B) Grupo

- 1º premio: 500 €
- 2º premio: 300 €
- 3º premio: 200 €

Para a retirada dos premios deberá achegarse ineludiblemente a fotocopia do DNI do gañador/a/es/as e certificado da conta bancaria. Todos os premios levan incluídos os impostos pertinentes conforme a lexislación vixente.

- 6.- A inscrición realizarase nas oficinas do concello sito na Rúa Constitución nº 14 de Viana do Bolo en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas e ata o día 17 de febreiro de 2026 ou ante a organización do evento ata o momento antes ao desfile.
- 7.- O concurso oficial celebrarase tras a queima dos Lardeiros, a partir das 00:30 horas do mércores 18 de febreiro de 2026 na Praza Maior.
- 8.- O xurado estará composto de un representante da Administración Local, dous representantes de asociacións culturais do Concello.
- 9.- O Xurado poderá deixar deserto aqueles premios que non alcancen un nivel de calidade suficiente e o seu fallo será inapelable.
- 10.- **A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A interpretación ou modificación, no caso de precisala, das presentes bases, é un dereito exclusivo do Concello de Viana do Bolo.**

